

## NÓS AMAMOS A TERRA

A *performance* comeza con Nuno Oliveira deitado, preto dun rectángulo composto por ovos pintados como se fosen minúsculos globos terrestres pegados ao chan. O *performer*, emitindo arquexos entrecortados, escorrega lentamente mentres rompe —un por un— os ovos contra a súa cabeza. Estes sons, amplificados cun micrófono, complementáanse con rúidos de instrumentos e motores que crean un rítmico e angustioso fondo sonoro, un compás que progresa lentamente e que descansa sobre pausas regulares. Sincronicamente a este divagar, Margarida Chambel colócase máis preto do público e serve de mediadora da acción que transcorre ao fondo do espazo. Móvese por todo o recinto, establecendo percorridos aleatorios e interrompidos entre os obxectos, os observadores e o seu compañeiro. Así, conecta o espazo cos movementos do *performer* e organiza os graduais e sutís avances do público. A postura de Chambel, distante e algo impositiva, nútrese de pequenos xestos poéticos, lúdicos, case absurdos. A súa presenza contrasta co clima máis visceral e orgánico que nos propón Oliveira.

Aínda sen unha narrativa predominante, nesta obra palpita con forza unha extrema *sensibilidade* cara á natureza; unha mensaxe que transparenta a dificultade de executar solucións globais para os desequilibrios ecolóxicos. Os «globos terrestres» que rompen contra o corpo de Nuno —un corpo indefenso, prostrado, sufocado e retorcido— poderían reproducir o constante desperdicio de recursos e o consecuente sufrimento innecesario de extensas áreas e poboacións do noso planeta. Margarida, mentres tanto, deambula e apela á implicación gradual do público na acción, presentándose como unha chamada de atención sobre o destino da fráxil Terra. Chambel colle un ovo aínda intacto e esténdeo cara ao público. A fragilidade do ovo e a dozura do xesto conducen o observador cara a un espazo de intranquilidade onde os nosos esforzos para garantir unha mellor xestión e preservación dos recursos naturais cuestiónanse con firmeza. Finalmente, os presentes implícanse activamente na *performance* e os corpos alíñanse e avanza penosamente polo chan nunha especie de catarse colectiva. O grupo —organizando agora o tempo e o espazo— avanza, desagregase, constrúe signos novos para estruturar e cimentar os significados fundamentais da acción.

Cada iniciativa persoal significa un accidente que é reinterpretado por outros corpos. Cada un de nós xera accións que afectan a todos. Calquera comunidade reséntese, aliméntase ou inspírase con todas as iniciativas que parten dos suxeitos que lle dan forma e sentido.